

# Pois claro que se incita...

► O BNG vén de descubrir que sementar ventos de odio levanta tempestades de violencia

**PRAZA MAIOR**



POR  
**XOÁN C. VIDAL**

**P**OIS IÁ SENDO hora e non era sen tempo. Os nacionalistas de Lugo e máis en concreto o seu voceiro municipal acaban de decatarse de que as mensaxes de odio, sexan transmitidas en panfletos, pintadas ou agora tamén a través das redes sociais, poden incitar á violencia e por iso ás veces cómpre actuar tamén xudicialmente contra todo aquel que insulta, despreza ou cousifica as persoas que non pensan coma eles.

Rubén Arroxo viuse retratado nunhas pintadas estampadas nun muro camiño da súa casa, nas que se podía ler unha frase críptica se un non está acostumado aos alcumes que os graciosiños das redes sociais poñen aos seus rivais. 'Cono bueno como muerto', poñía o ilustrado grafitero, que tamén reproducía a frase 'BNG ladrones fascistas', dúas ameazas das que o edil nacionalista culpou aos que as incitan.

O de 'cono' dá por feito o dirixente nacionalista que ía por el logo de que o concelleiro e deputado provincial Oscar Poy, ao que a súa popularidade nas redes sociais o levou a ser fichado nas últimas eleccións para a lista do PP, o bautizase en Twitter como 'capitán cono' ou 'coronel cono', non sabemos se pola afección de Arroxo a fotografarse diante de obras ou se por comparalo co exmadridista Arbeloa, ao que lle colgáron ese alcume os que o consideraban un xogador sen ansia.

Pero á marxe do grao de imaxinación que poida ter quen se adica a alucinar rivais, Arroxo descubriu que para que algún chegue ao punto de facer pintadas ameazantes na rúa sempre ten que ter por detrás un autor intelectual, que é quen chama a traspasar as liñas vermellas da crítica lícita.

Pois claro Rubén. Así é, e sempre foi así.



Pintada proetarra nun barrio de Bilbao a finais dos anos noventa. AEP

E senón que llelo pregunten aos centos de persoas que estiveron ameazadas durante décadas en Euskadi e que tamén lían nas paredes ao lado das súas casas o seu nome dentro dunha mirilla ou, sen tanta metáfora, pedindo directamente a súa morte.

Agora esas mensaxes, ademais de en redes, circulan tamén polas redes sociais e provocan ás veces querelas e condenas que hai quen chega a considerar coma un intento de reprimir a liberdade de expresión.

E pode que sexa esaxerado que unha persoa poida ir á cadea só por dicir que outro merece unha bomba nuclear, como lle ocorreu ao rapeiro Josep Valtoryc, condenado por desexarlle iso a un dirixente de extrema dereita. Esaxerado se cadra porque un ar-

tefacto así se levaría tamén por diante ao artista, aínda que non tanto se temos en conta a obsesión do individuo polo material explosivo, xa que logo o tal Valtoryc chegou a desexarilles un tempo despois bombas á garda civil e ao fiscal durante un concerto en Marinaleda.

Leo Bassi, que esta semana presentaba en Lugo e Viveiro o seu espectáculo denunciando 'Yo, Mussolini', daba apuntes históricos de como o fascismo se foi facendo popular a base de incitar á violencia que despois practicou no poder. Pois contra esas actitudes que están a agromar desde os extremos políticos, só queda amosar condena, veña de onde veña, e tamén a quen a incita, e non ter pel fina só cando a un lle toca.

## Los veterinarios critican que se les excluya de los grupos prioritarios de vacunación

**REDACCIÓN**

LUGO. El Colegio Oficial de Veterinarios de Lugo denuncia la "falta de respeto institucional" hacia ese colectivo profesional al haber sido excluido, también en la administración de la tercera dosis, en los grupos prioritarios de vacunación como el resto de sanitarios.

«Llueve sobre mojado, dado que ya en su día tuvimos que reivindicar muy intensamente lo que nos corresponde por nuestro propio rango profesional y lo que otras autonomías sí estaban teniendo en cuenta», aseguró la junta directiva, que recordó que el colectivo presta servicios que tienen la consideración de esenciales.

## El PP logró reunir ya 1.035 firmas de lucenses pidiendo que se abra el nuevo auditorio

**REDACCIÓN**

LUGO. El PP reunió ya un total de 1.035 firmas en su campaña para pedir que se abra el nuevo auditorio. Para reclamar el apoyo de los lucenses, los populares instalaron una mesa informativa en la Plaza Mayor, donde explican que el edificio es desde hace un año y siete meses propiedad del Ayuntamiento de Lugo.

La formación azul volverá a abrir sus mesas informativas en la ciudad el próximo martes con el objetivo de incrementar el respaldo a su petición. Insisten en que el edificio de Magoi está sufriendo las consecuencias de estar vacío y en desuso.

## La exposición canina premia a los mejores ejemplares nacionales

► Un perro de raza pomerania de A Coruña se llevó el Best in Show. Hoy será el turno para el concurso internacional

**REDACCIÓN**

LUGO. La jornada inaugural de la Exposición Canina que se celebra este fin de semana en Lugo se cerró con un notable éxito de participación y público en el Pazo de Feiras. Cerca de 2.000 perros

toman parte en este relevante certamen.

El premio Best in Show, que reconoce al mejor ejemplar de perro adulto de la exposición nacional, fue para un pomerania de A Coruña. El segundo puesto se lo llevó un pastor australiano, y tercero fue un rhodesian ridgeback.

El premio al mejor perro de raza española se fue para un perro de aguas procedente de Granada. El galardón al mejor joven de la muestra se lo llevó un staffordshire de Pontevedra.



Dos de los ejemplares participantes en la exposición canina nacional son examinados por los jueces. XESÚS PONTE

Por su parte, el premio al mejor cachorro recayó en un perro pastor australiano. También destacó el concurso de la categoría de mejor

pareja, donde dos ejemplares de carlinos de A Coruña se llevaron el primer puesto. Y el galardón a la mejor cría se lo adjudicó un

trío de basset hound. Hoy será el turno para la exposición canina internacional. El certamen está abierto al público.